

GUIÓN ORIENTATIVO PARA A ELABORACIÓN DO CADERNO DE CAMPO

GRAO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

PRACTICUM II

QUE É?

O caderno de campo é un recurso pedagóxico que nos serve para reflexionar e analizar a información de maneira continuada e sistemática, sobre da nosa experiencia particular neste período. Trata de visibilizar as experiencias vividas que, lidas pedagoxicamente, contribuirán a buscar novas respostas, isto é, a mellorar a nosa formación.

ASPECTOS FORMAIS

- a. O caderno de campo constitúe o “Apartado 6” do portafolio, e polo tanto será elaborado seguindo o formato deste.
- b. As súas entradas deben incluírse no índice do portafolio cos seus respectivos títulos.
- c. Debe incluír un mínimo de 10 entradas.
- d. Confidencial. Non debe figurar en ningún apartado do documento nomes e apelidos dos implicados.

REQUISITOS PARA A SÚA REALIZACIÓN

- e. Ter como referente as Pautas de observación.
- f. Ser diario, isto é, recoméndase dedicar tódolos días un tempo fixo para esta tarefa.
- g. Invitar a ser lido: interese, comprensión, reflexión, innovación.
- h. Fuxir da presentación a modo de listaxe sucesiva das accións desenvoltas.
- i. Reflectir a vosa progresiva inmersión no Practicum.

CONTIDO DO CADERNO DE CAMPO

No caderno de campo do Practicum hai que describir, analizar e reflexionar sobre as actividades desenvolvidas e as aprendizaxes adquiridas durante o período de prácticas. Trátase de centrar a atención en cuestións, dúbidas, opinións, valoracións, etc. xurdidas tras a xornada de traballo, e tentar darlles resposta facendo uso do coñecemento teórico adquirido durante a titulación, e das lecturas recomendadas na materia. Entre as cuestións ás que debe facer referencia estarán as seguintes:

- a. Xornadas do Practicum: descrición e valoración das súas aportacións para a formación teórico/práctica do futuro profesional da educación infantil/primaria.
(*Mínimo unha entrada*)
- b. Procesos observados no marco da xornada diaria na institución. Por exemplo:
 - i. Acción educativa observada: explicación das razóns, fundamentos teórico/prácticos, condicionantes espazo-temporais, recursos, etc. que xustifican o enfoque adoptado.
 - ii. Asuntos problemáticos, cuestións éticas e interrogantes. Por exemplo:
 - Rutinas (de entrada, de aula, de recreos, etc.)
 - Tempos educativos: do planificado ao desenvolto.
 - A motivación do alumnado. Cómo podo motivar ao alumnado?
Que valor ten prestar atención a esta variable?
 - O papel da familia. En que sentido condiciona o contexto sociofamiliar e ambiental a aprendizaxe do alumnado?
 - Como é a relación entre a comunidade educativa?
 - En que consiste o ideario do centro? En que sentido condiciona o desenvolvemento de ensino-aprendizaxe?
 - Como podo coñecer as características e intereses do alumnado?
 - Que valores se reflicten na labor educativa diaria do centro?
 - Etc.
- c. Reflexión global sobre a formación académica e a súa relación co Practicum.(*Unha entrada*)
 - i. A praxe da educación infantil/primaria: presenza, funcións, liñas de mellora, etc.
 - ii. Aprendizaxes profesionais adquiridas na institución e no resto das actividades desenvoltas na Facultade (seminarios e xornadas).
 - iii. Necesidades de formación para o futuro exercicio profesional.

A FORMA DO CADERNO DE CAMPO:

Entrada 1: (título da entrada)

Descripción: (describe de forma detallada e ordenada a situación obxecto de reflexión e análise -que sucede, onde sucede e durante canto tempo sucede-, recollendo os diferentes puntos de vista dos implicados de forma directa ou indirecta)

Análise do sucedido: (analiza a situación descrita poñéndoa en relación coa teoría estudada nas diferentes materias do grao, facendo referencia, **se procede** ás fontes documentais, nas que te apoias para emitir os teus xuízos, e citando estas últimas correctamente).

Conclusións e, se procede, propostas de mellora.

